

AMIGO DE NOSO

Noso Amigo es Manoel e sempre resucitas aquí, aí, acó, aló, alá, acolá e acolaló... Onde queiras que vaías vés á nosa casa. Petas na porta das palabras e ábrese a Lingua da fartura, onde sempre sabes soerguer as noites dos fríos e as dos calados que non soñan.

Sei de ti dende aquela primeira vez dos ollos que saben iluminar ao lonxe: son as cores do arco da vella. E escoito aínda a fonética do profundo, aquela rechamada de *barítono* e *baixo*, segundo as témporas dos discursos que aínda hoxe sabes pronunciar dende as galaxias. Adiviño que estás de románico coas palabras, cando lembrás as crónicas do senlleiro que é o rural da Gallaecia; e sobes un chisco polas torres cando é o gótico a pronuncia que máis cadra coas témporas do tráfego dialogante, conversador do presente, do pasado e dos futuros, filósofo sabido e sabedeiro. Dime xa da competencia con don Ramón de Trasalva, a gawarear os dous, cando vos peta nas cadernas, polas cornixas mailas flores do barroco. E dende a altura dos océanos, velaí estades, mareantes, palabreiros, labregos boíños e fermosos na pronuncia da fala que conleva a fartura, a luz dos faros, o cariño, a ledicia, o pensamento...

Pídvos un bico para a Lingua, que está ofendida pola soberbia dos inimigos íntimos e perversos. E deixade en todas e todos nós a porta aberta da memoria feliz e sempre. Tal volo xuro nesta campa, en Terra e Río grandes de Outeiro (a Chaira e o Miño): que nunca renunciámos.

Xosé Vázquez Pintor

Memoria da Chaira Enteira. Irmandade Manuel María
Pregaria, no Cemiterio de Outeiro de Rei
8 de setembro do ano 2011